



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 04 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00025339M.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00025123L.

Prorroga do contrato suscrito con MARIO CÉSAR VILA para a prestación do servizo de mantemento do castelo de A Rocha Forte.

Acórdase prorrogar o contrato suscrito con Mario César Vila para a prestación do **servizo de mantemento do castelo de A Rocha Forte**, polo prazo dun ano a contar desde o 6 de xuño de 2021.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 2100000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 16.327,74 euros.

Anualidade 2022: 10.885,16 euros.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024498S.

Adxudicación do contrato “Obras de remate da rehabilitación Ponte Vella da Rocha” a favor da empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL.

Acórdase:

Primeiro: aprobar o gasto necesario para o financiamento deste contrato por importe de 135.815 euros con cargo á aplicación orzamentaria 040 15340 6190000- 2017 2 CPORT35.

Segundo: rexeitar a oferta presentada pola empresa INDAICO INNOVATIVE SOLUTIONS, proposta inicialmente como adxudicataria, por non presentar dentro do prazo preceptivo a documentación acreditativa da súa capacidade de obrar e solvencia e non constituir a garantía definitiva que lle fora requirida, sendo a formalización deste último trámite un incumprimento non susceptible de emenda.

Terceiro: adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO, por un importe de 104.924,92 euros (IVE aparte 21%: 22.034,23 euros), sendo a súa oferta a segunda máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais, unha ampliación do prazo de garantía de 2 anos e un aumento do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental do 2%.